



Autora: Julia Donaldson
Ilustrador: Axel Scheffler
Tradutoras: Laura Sáez e Sandra Sánchez
Correctoras: Mónica Pazos
Idioma: Galego
Idioma orixinal: Inglés
Encuadernación: Tapa dura
Páxinas: 32
Tamaño: 275x225mm
Edición: 1ª xaneiro 2026
ISBN: 978-84-127810-7-6
Dep Legal: PO 591-2025
Editorial: Patasdepeixe
PVP: 16.50€

Onde está a mamá? é unha aposta fundamental para a biblioteca que queira combinar calidade literaria, valor pedagóxico e pracer lector.

Cun texto rimado, claro e cheo de humor, Julia Donaldson constrúe unha historia entrañable na que un pequeno mono busca a súa nai coa axuda dun bolboreto que a verdade é que non dá pé con bóla. Este punto de partida sinxelo dá lugar a situacións divertidas que conectan de inmediato co alumnado e favorecen a participación activa durante a lectura en voz alta.

As ilustracións de Axel Scheffler, expresivas e cheas de detalles, apoian a comprensión do texto e converten o conto nunha ferramenta ideal para traballar vocabulario básico e descricións, animais e trazos físicos, estruturas repetitivas e preguntas e sobre todo a educación emocional (procura, axuda, vínculo afectivo). Este libro convida a reler, dramatizar e crear actividades transversais que implica e fai gozar a profesoras, alumnado e familias ao mesmo tempo.

Onde está a mamá? non é só un conto: é unha experiencia lectora cálida, divertida e pedagoxicamente sólida. Un clásico contemporáneo que segue demostrando por que Julia Donaldson é unha das autoras máis valoradas no ámbito educativo.